



Ref: AEG/axps

Expediente: 449/16

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O SISTEMA DE GARANTÍA DE TEMPOS MÁXIMOS DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS SANITARIAS PÚBLICAS.

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e en relación co "proxecto de decreto polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas", emite o seguinte:

INFORME

1.Marco normativo e competencial.

O artigo 4 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, refírese aos dereitos da cidadanía no conxunto do sistema incluíndo entre eles o dereito a recibir asistencia sanitaria na súa Comunidade Autónoma de residencia nun tempo máximo.

No seu artigo 25, o mesmo texto legal, e respecto das garantías de tempo, establécese que no seo do Consello Interterritorial acordaranse os criterios marco para garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións do Sistema Nacional de Saúde, que se aprobarán mediante Real Decreto. As Comunidades Autónomas definirán os tempos máximos de acceso á súa carteira de servizos dentro de dito marco.

Dita previsión materializouse no Real Decreto 1039/2011, do 15 de xullo, polo que se establecen os criterios marco para garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, que o seu Anexo establece en 180 días naturais para determinados tipos de intervencións.



Por outra banda, na nosa Comunidade Autónoma ditouse o Decreto 104/2005, do 6 de maio, de garantía de tempos máximos de espera en atención sanitaria non urxente, ditado na liña establecida pola citada Lei 16/2003, do 28 de maio. Esta norma regulamentaria prevé un prazo máximo de 180 días naturais de espera estrutural para intervencións cirúrxicas, coa posibilidade de que transcorridos 140 días a persoa usuaria pode optar por continuar na lista de espera do centro ou requirir a atención sanitaria en calquera outro centro sanitario acreditado da Comunidade Autónoma de Galicia, manifestando a súa preferencia nas condicións recollidas polo mesmo decreto.

O artigo 12 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, recolle os dereitos da cidadanía relacionados coa prestación sanitaria por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia, entre os que se inclúe o “dereito a obter unha garantía de demoras máximas, de xeito que determinadas prestacións sanitarias financiadas publicamente lles sexan dispensadas nuns prazos previamente definidos e coñecidos”.

A Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no seu Capítulo II refírese aos “tempos máximos de acceso e sistema de garantías”. Así, o seu artigo 5 establece que, para os procedementos e situacións clínicas que así se determinen no seu desenvolvemento regulamentario, os/as pacientes que requiran atención sanitaria hospitalaria de carácter programado e non urxente terán garantida esta atención nuns tempos máximos mais reducidos que os previstos na normativa vixente para a totalidade dos procesos.

Polo tanto a Lei 12/2013, do 9 de decembro, ven a consolidar a utilización da gravidade dos procesos como criterio de xestión dos tempos de resposta, priorizando a atención aos/ás pacientes de acordo co seu estado de saúde.

2. Acerto e oportunidade

O artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico dispón que *“en todas as iniciativas normativas xustificárase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia”*.



A Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no seu Capítulo II, refírese aos “tempos máximos de acceso e sistema de garantías”.

Así, o artigo 5 da citada lei establece que, para os procedementos e situacións clínicas que así se determinen no seu desenvolvemento regulamentario, os pacientes que requiran atención sanitaria hospitalaria de carácter programado e non urxente terán garantida esta atención nuns tempos máximos mais reducidos que os previstos na normativa vixente para a totalidade dos procesos.

Dita lei establece para os procedementos e situacións clínicas que así se determinen no seu desenvolvemento regulamentario, un máximo de 60 días nas intervencións cirúrxicas, e de 45 días para consultas externas e probas diagnósticas e/ou terapéuticas, contados en días naturais a partires da data de entrada no Rexistro de Pacientes en Espera, que a mesma lei crea no seu artigo 29.

Por tanto, a necesidade da iniciativa normativa aparece fundamentada directamente na remisión normativa contida na Lei 12/2013, do 9 de decembro.

Por outra banda, a iniciativa normativa é proporcionada tendo en conta os termos da remisión legal, e o seu contido axústase aos principios de seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia.

Neste sentido, cómpre salientar que a Lei 12/2013 ven a consolidar a utilización da gravidade dos procesos como criterio de xestión dos tempos de resposta, priorizando a atención ao paciente de acordo co seu estado de saúde. Por tanto na selección de procedementos deberase ter en conta a gravidade das patoloxías, a efectividade da atención sanitaria e a oportunidade da atención, que favoreza a recuperación da funcionalidade ou evitar a progresión da enfermidade.

Trátase por tanto dunha iniciativa normativa que cumpre coas premisas e principios previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 20 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.



3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, a Xerencia do Servizo Galego de Saúde, en calidade de centro directivo impulsor, remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo o borrador da disposición acompañado dunha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade, de data 26/4/16, dunha memoria económico-financeira, de data 26/4/16, e dunha memoria de adecuación aos principios previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 20 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do decreto asinado pola persoa titular da Consellería de Sanidade (artigo 41.1 da Lei 16/2010), de data 26/4/16.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo elaborou o preceptivo informe (26/4/16) e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería de Sanidade o 10/5/16 (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, consonte o sinalado no artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no artigo 41.4 da Lei 16/2010, previo acordo da Secretaría Xeral Técnica, de data 11/5/16. O proxecto estivo exposto ao público entre o 13 e o 31 de maio de 2016, tal e como consta acreditado no expediente



Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 42.3 da LOFAXGA, o proxecto someteuse a audiencia das seguintes asociacións e colectivos:

- Colexio Oficial de Médicos da Coruña.
- Colexio Oficial de Médicos de Lugo.
- Colexio Oficial de Médicos de Ourense.
- Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra.
- Colexio Oficial de Enfermaría da Coruña.
- Colexio Oficial de Enfermaría de Lugo.
- Colexio Oficial de Enfermaría de Pontevedra.
- Colexio Oficial de Enfermaría de Ourense.
- Sociedade Galega de Anxioloxía e Cirurxía Vascular.
- Sociedade de Pediatría de Galicia.
- Sociedade Galega de Patoloxía Dixestiva (SGPD).
- Sociedade Galega de Cirurxía Ortopédica e Traumatolóxica (SOGACOT).
- Sociedade Galega de Cardiología (SOGACAR).
- Sociedade Galega de ORL e Patoloxía Cervicofacial.
- Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía (SGOX).
- Sociedade Galega de Neurocirurxía (SOGANE).
- Sociedade Galega de Cirurxía Plástica, Reparadora e Estética.
- Sociedade Galega de Patoloxía Respiratoria, Pneumoloxía e Cirurxía Torácica.
- Sociedade Galega de Uroloxía (SGU).
- Sociedade de Cirurxía de Galicia (SOCIGA).
- Sociedade Española de Dermatoloxía.
- Federación Autismo Galicia.
- Unión Galega de Epilepsia (UGADE).
- Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL).
- Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).
- Down Galicia.
- Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental (FEAFES GALICIA).
- Federación Galega de Enfermidades Raras de Crónicas (FEGEREC).
- Asociación Galega de Hemofilia (AGADHEMO).
- Liga Reumatolóxica Galega (LRG).
- Asociación Coruñesa de Persoas con Diabete (ACODI).
- Asociación para a loita contra as Enfermidades do Ril (ALCER).
- Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG).
- Asociación Española contra o Cancro (AECC).
- Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria (AGAPap).
- Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria (AGEFEC).



- Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria-Galicia (SEMERGEN AP-GALICIA).
- Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia-Galicia (SEMG-GALICIA).
- Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGEMFEC).
- Sociedade Galega de Radioloxía.
- Sociedade Galega de Oncoloxía.
- Sociedade Española de Cirurxía Oral e Maxilofacial do Noroeste.

Unha vez vistas e analizadas as alegacións formuladas polos interesados, tanto no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia como a través do trámite de audiencia, o 21/9/16 a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde emitiu o correspondente informe, no que se xustifica a aceptación/rexeitamento das mesmas.

Durante a tramitación do proxecto, e ao abeiro do esixido no artigo 42 da Lei 16/2010, así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse informes aos seguintes órganos e departamentos:

- Informe de impacto de xénero emitido pola Secretaría Xeral de Igualdade o 20/7/16.
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, emitido o 19/7/16.
- Informe da Dirección Xeral da Función Pública, emitido o 29/9/16.
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, emitido con data 24/5/17, logo da enmenda dos requirimentos previos formulados o 29/7/16.

Unha vez que rematou a fase de documentación e consulta, a Asesoría Xurídica emitiu informe preceptivo relativo ao proxecto de decreto o 6/6/17.

O informe é **favorable**, aínda que inclúe, non obstante, unha serie de observacións de mellora do articulado que, unha vez valoradas, son incorporadas ao texto do proxecto, destacándose as seguintes:

- 1.- Considera conveniente a inclusión dunha táboa de vixencias, e a conseguinte modificación da disposición derogatoria, para recoller expresamente a derogación do



Decreto 104/2005, do 6 de maio, de garantía de tempos máximos de espera en atención sanitaria non urgente, par canto se verá afectado directamente pola nova norma regulamentaria.

Acéptase e incorpórase ao texto a derogación expresa.

2.- Suxire unha modificación no artigo 1, para eliminar a expresión "... previstos legalmente". Acéptase.

3.- Respecto do artigo 2 (persoas beneficiarias) suxire modificar o título do precepto e denominalo "persoas beneficiarias da garantía". Acéptase.

4.- Sobre o artigo 4 (selección de procesos garantidos), incide na conveniencia de eliminar a cita literal do artigo 5 da Lei 12/2013, por tratarse dun regulamento executivo. Acéptase.

5.- En relación co artigo 6 (definicións) manifesta que para os efectos do cómputo de prazos que se indican estarase, en todo caso, ao criterio previsto no artigo 17 do mesmo decreto. Acéptase o criterio interpretativo.

6.- Sobre o artigo 7 (prazos máximos de espera), indica que debe aplicarse o mesmo criterio interpretativo citado respecto do artigo 6.

7.- Tamén indica que, sobre o artigo 8.2 (causas de suspensión da garantía) a expresión correcta sería cambiar "aliña" por "apartado 1.a) deste mesmo artigo". Acéptase.

8.- En relación co artigo 12 (exercicio do dereito), non entende aceptable a limitación retroactiva imposta, sendo disposición máis favorable, polo que aconsella un cambio de redacción. Acéptase e incorpórase a redacción proposta.

9.- Sobre o artigo 14 (Rexistro de pacientes en espera de Galicia) propón eliminar o parágrafo 1 e incluír neste mesmo artigo o contido do artigo 16. Acéptase.

10.- Sobre o artigo 17 (criterio de inclusión) suxire que se valore a conveniencia de incluír unha referencia ás prescricións, efectuadas desde centros concertados. Neste sentido estímase que a indicación/prescrición da intervención, a proba diagnóstica, ou a derivación de consulta, debe proceder sempre dun facultativo do sistema público, sen que un facultativo dun centro privado poida efectuar tales determinacións.

11.- Propón a eliminación do artigo 20 (baixa do rexistro). Acéptase.

12.- Finalmente, sobre a Disposición derradeira segunda, propón unha redacción alternativa. Acéptase e incorpórase ao texto.



Por último procedeuse a efectuar unha nova revisión e adaptación do texto consonte o establecido na Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 30 de outubro de 2014, polo que se aproban as Directrices de técnica normativa.

4. Contido e estrutura.

O proxecto normativo examinado consta de 19 artigos distribuídos en catro capítulos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais.

O Capítulo I contén disposicións xerais relativas ao obxecto da disposición, o seu ámbito de aplicación, así como as definicións de conceptos relevantes para a súa aplicación efectiva.

O Capítulo II leva por título prazos máximos, causas de suspensión e perda da garantía. Neste capítulo reflíctense os prazos máximos garantidos para os distintos procesos, de conformidade coas previsións da Lei 12/2013, do 9 de decembro. Tamén se determinan as causas de suspensión e perda da garantía segundo criterios obxectivos previstos legalmente.

O Capítulo III refírese ao denominado Sistema de Garantías, no que se conteñen as disposicións relativas á selección de procesos garantidos de conformidade co previsto no artigo 5 da Lei 12/2013, do 9 de decembro, establecendo os criterios aplicables para a inclusión de novos procesos garantidos. Tamén se conteñen neste capítulo as normas esenciais para o exercicio da garantía, así como as consecuencias da falla de oferta asistencial por parte do Servizo Galego de Saúde, de conformidade coas previsións legais vixentes.

O Capítulo IV dedícase á regulación do Rexistro de Pacientes en Espera de Galicia, creado no artigo 29 da Lei 12/2013, do 9 de decembro, como instrumento para a



constancia e control do exercicio dos dereitos recoñecidos aos/ás pacientes, así como garantía da efectividade dos mesmos.

Completan a norma unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

A estrutura da norma é a seguinte:

Capítulo I: Disposicións xerais.

Artigo 1.- Obxecto.

Artigo 2.- Persoas beneficiarias da garantía.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación.

Artigo 4.- Selección de procesos garantidos.

Artigo 5.- Exclusiones.

Artigo 6.- Definicións.

Capítulo II: Prazos máximos, causas de suspensión e perda da garantía

Artigo 7.- Prazos máximos de espera.

Artigo 8.- Causas de suspensión da garantía.

Artigo 9.- Causas de perda da garantía.

Capítulo III: Sistema de garantías.

Artigo 10.- Extensión da garantía.

Artigo 11.- Prescripción do proceso asistencial garantido.

Artigo 12.- Exercicio do dereito.

Artigo 13.- Ausencia de oferta para a realización da prestación por parte do Servizo Galego de Saúde ou incumprimento do prazo para ser atendido/a no tempo máximo garantido.

Capítulo IV: Rexistro de pacientes en espera de Galicia.

Artigo 14.- Rexistro de pacientes en espera de Galicia.

Artigo 15.- Ámbito de aplicación do Rexistro.



Artigo 16.- Criterio de inclusión.

Artigo 17.- Datos rexistrables.

Artigo 18.- Proceso de indicación dun proceso garantido.

Artigo 19.- Documento acreditativo.

Disposición adicional única. Funcións das xefaturas de servizo responsables.

Disposición derogatoria. Derogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Entrada en vigor.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento e execución.

5. Legalidade

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Sanidade e remitirase á Comisión de Secretarios Xerais e Consello da Xunta previo á súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia, para a posterior aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da LOFAXGA.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de decreto conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2017

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo


Laura Recacho Rivas





A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o **informa favorablemente** (artigo 43.2 da LOFAXGA).

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2017

O secretario xeral técnico



Alberto Fuentes Losada